



RESOLUCIÓN POLA QUE SE DECLARA CONCLUÍDO O PROCEDEMENTO E DESERTA UNHA PRAZA DE PROFESOR/A CONTRATADO/A DOUTOR/A

Praza número: 19/2102**Número de prazas: 1****Categoría: Profesor/a contratado/a doutor/a****Dedicación: Tempo Completo****Área de coñecemento: Química Orgánica****Departamento: Química****Docencia: Materias da área****Centro: Facultade de Ciencias****Data da convocatoria: 19/12/2019**

Vista a inexistencia de aspirantes para a cobertura da praza número 19/2102, logo de que a única persoa que formulara a correspondente solicitude presentou posteriormente a súa desistencia a participar na dita convocatoria, procede declarar concluído o procedemento e deserta a praza convocada, sen prexuízo de que, de existir algunha persoa prexudicada que non figure no expediente, poida exercer en garantía dos seus dereitos os recursos que tanto na vía administrativa como xudicial resulten procedentes.

Esta Reitoría, no uso das facultades que lle confire o artigo 36 dos Estatutos da Universidade da Coruña, que se aprobaron por Decreto 101/2004, do 13 de maio (DOG do 26), e en aplicación do disposto no apartado 10 da normativa pola que se regula o procedemento para a selección de profesorado contratado doutor, que se aprobou por acordo do Consello de Goberno do 30 de abril de 2014, resolve declarar concluído o procedemento e deserta a praza 19/2102 descrita no encabezamento,

Contra a presente Resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, que se contarán desde o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Previamente, e con carácter potestativo, poderase interpoñer un recurso de reposición ante esta Reitoría, no prazo dun mes, de acordo co establecido no artigo 123 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE de 2 de outubro de 2015).

Por delegación do reitor (R.R. 14/01/2020)
O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente

Alberto Valderruten Vidal

Código Seguro De Verificación	oq5Us4weM5IHrb2NODImhQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Alberto Valderruten Vidal - Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente	Asinado	22/03/2021 13:31:06
Observacións		Páxina	1/1
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/oq5Us4weM5IHrb2NODImhQ==		

